

Estimado/a compañeiro/a:

A Facultade de Psicoloxía afronta actualmente a implantación do título de Grao. Os seus obxectivos atenden ó fomento dunha adecuada cualificación profesional e foron, de feito, formulados en termos de competencias profesionais inspiradas no modelo de *Europsy*.

Non poderíamos alcanzar este fin sen contar co apoio de profesionais en exercicio no desenvolvemento do novo **Prácticum**. Trátase dunha materia obrigatoria do plano de estudos do Grao, xa presente na Licenciatura, consistente na realización de prácticas pre-profesionais en dispositivos de atención psicolóxica, baixo a supervisión de psicólogos/as.

Aos profesionais que veñen colaborando coa Facultade na titoría do alumnado en prácticas, quérolles expresar o meu recoñecemento e animalos a continuar. O Equipo Decanal, xunto coa a Unidade de Xestión do Prácticum da Facultade, está a organizar a oferta dunha gama de servizos para gratificar a súa dedicación.

Tamén confiamos en que a idea de acoller aos nosos alumnos no seu lugar de traballo poda resultar atractiva para profesionais que ata agora non interviron no Prácticum. Por outra banda, aqueles que nalgún momento recibiron estudantes e, por calquera motivo, interromperon a súa vinculación co Prácticum, tal vez desexen reanudar a súa participación nesta nova etapa.

Estamos a preparar un encontro de titores profesionais do Prácticum para o mes de xaneiro, que terá como principal tema de traballo as posibles vías de intercambio entre a Facultade e os centros e profesionais colaboradores. Aproveitarase dita reunión para informar ós titores dos progresos no deseño do Prácticum do Grao.


Gustaríanos contar coa presenza de todos. Por este motivo, necesitamos que aqueles profesionais que non tivesen vinculación previa co Prácticum, **remitan o seu nome e a súa dirección de correo electrónico ou dirección postal a zpsideca@usc.es**, ou ben ó seguinte enderezo:

Facultade de Psicoloxía. Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n. Campus Sur.
15782 Santiago de Compostela

Agradecendo de antemán o seu interese, saúdalle atentamente,

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2011

A Decana da Facultade de Psicoloxía



Carolina Tinajero Vacas